

TEMA 8 : ESPAÑA NO SÉCULO XX (1902-1939). DA CRISE DO 98 Á GUERRA CIVIL

1. A REXENCIA DE MARIA CRISTINA DE HABSBURGO (1885-1902)

Entre 1875 e 1923 o réxime político existente en España coñecese co nome de **réxime da Restauración borbónica**, vixente no reinado de Afonso XII (1875-85), a rexencia de María Cristina de Habsburgo (1885-1902), e o período constitucional de Afonso XIII (1902-1923).

Co retorno da monarquía na figura de **Afonso XII** iniciouse un novo sistema político de carácter liberal e centralista, deseñado polo novo presidente do goberno **Cánovas del Castillo (sistema canovista)**. O seu pilar fundamental foi a **Constitución de 1876** que tiña por obxectivo restaurar a monarquía moderada e constitucional que garantise a orde e a paz.

A vida política organizouse en torno a **dous partidos**: o **partido conservador** de Cánovas del Castillo e o **partido liberal** de Sagasta pactaron unha **quenda pacífica** ou alternancia no poder. Para que sempre gañaran as eleccións os conservadores e os liberais, se amañaban as eleccións. Esta alternancia baseábase na **fraude electoral** (moitas veces apoiado no *caciquismo*), xa que, de antemán, os dirixentes de ámbolos dous partidos pactaban quen sería o gañador das eleccións

Ao morrer en 1885 Afonso XII asumiu a **rexencia** a súa segunda esposa, **María Cristina de Habsburgo** (1885-1902) ata a maioría de idade do seu fillo Afonso XIII. Deste período cómpre destacar:

- **A consolidación a da alternancia ou quenda pacífica** de Cánovas e Sagasta, ata finais do século XIX. Nos anos en que gobernou o Partido Liberal tomáronse algunhas **medidas reformistas coa ampliación de dereitos e liberdades** :a abolición da escravitude en Cuba, a Lei de Asociacións, que permitiu a legalización das organizacións obreiras e a implantación do sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos.
- **O incremento da industrialización**, aínda que con fortes diferenzas entre zonas. Destacan Cataluña, pola súa industria téxtil e agroalimentaria. Asturias pola siderurxia e a minería do carbón; o País Vasco, pola explotación das minas de ferro, a siderurxia ,etc.
- **O desenvolvemento das organizacións obreiras** tanto das *socialistas*(PSOE, fundado por Pablo Iglesias en 1879 e a UXT en 1888), con maior implantación en Madrid, País Vasco e Asturias, como das *anarquistas* (federacións locais), con predominio en Cataluña e Andalucía. Tamén se produciron numerosos atentados anarquistas, entre eles o asasinato de Cánovas en 1897 que, en ocasións, adquiriu formas violentas, e que acabaría organizándose, en 1910 como movemento sindicalista na Confederación Nacional do Traballo (CNT).
- **O inicio dos movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos** que en Cataluña, País Vasco e Galicia reivindicaban o recoñecemento das súas peculiaridades lingüísticas e políticas.
- **O desastre de 1898.**O acontecemento que amosou que España vivía unha profunda crise foi a **guerra de Cuba**. En 1895, José Martí iniciou unha insurrección na illa de Cuba. O conflito prolongouse ata 1898, ano en que EEUU lle declarou a guerra a España culpándoa do afundimento do acoirazado **Maine** na Habana. En 1896 estalou tamén un movemento independentista en Filipinas.

A derrota española supuxo a perda das últimas colonias Cuba, Filipinas e Porto Rico que pasaron temporalmente a EEUU. Este feito, coñecido como o **desastre do 98**, supuxo a desaparición do imperio colonial español e provocou graves perdas económicas e unha forte crise na opinión pública. Ante esta situación un grupo de políticos e de intelectuais, que formaron a chamada “*xeración do 98*” esixiu novas medidas de reforma política. Como consecuencia xurdiu o **rexeneracionismo**, un movemento intelectual que tiña como máximo figura a **Joaquín Costa** que propoñía facer reformas para superar o atraso de España e acabar co caciquismo e a corrupción.

2. O REINADO DE AFONSO XIII (1902-1931)

Durante o reinado de Afonso XIII o sistema liberal entrou en crise, por diversos factores: a inestabilidade política, as guerras, a perda das últimas colonias e os conflitos sociais que provocaron a desintegración definitiva da Restauración. No reinado de Afonso XIII pódense diferenciar tres períodos:

2.1. A crise da Restauración(1902-23). O reinado constitucional

En 1902, Afonso XIII foi declarado maior de idade. **A Constitución de 1876** continuou vixente e mantívose **a quenda de partidos**. O *Partido conservador* dirixido por Antonio Maura e o *Partido Liberal* por Xosé Canalejas. Maura quixo **acabar co caciquismo**, aínda que non o conseguiu, modificando a lei electoral e a administración local. Canalejas aplicou reformas sociais, pero a súa medida máis polémica foi a **“lei do cadeado”** pola que limitaba o establecemento de novas ordes relixiosas en España.

Non obstante, os partidos liberal e conservador cada vez eran menos representativos: a burguesía catalá e a vasca apoiaba ós **partidos nacionalistas**; parte das clases medias e dos obreiros votaban os **republicanos e o PSOE**, que en 1910 logrou o seu primeiro deputado, en 1921 apareceu o **PCE**, partido comunista español, que seguía o exemplo da Revolución rusa. Ademais, seguíronse producindo graves atentados anarquistas contra autoridade e empresarios, destacando os asasinatos de Canalejas(1912) e de Salas(1921), ambos xefes do goberno.

Durante o reinado de Afonso XIII, España atravesou momentos de extraordinaria **conflitividade política e social** que, finalmente, acabaron co sistema da Restauración

- A **Semana Tráxica de Barcelona** en 1909, foi o primeiro conflito. O malestar que provocaba o envío de tropas para a guerra de Marrocos, compostas exclusivamente polas clases populares, foi canalizado polas organizacións obreiras para convocar unha folga xeral. A folga provocou enfrontamentos entre a policía e os insurrectos, producíndose tamén saqueos e incendios de igrexas. Estes feitos provocaron a dimisión de Maura.
- A **Crise de 1917** foi a maior do período, neste ano producíronse varios feitos: un levantamento das **xuntas de oficiais**, que protestaban pola forma discriminatoria en que se produciron os ascensos e esixían mellora de salario; **a protesta política dun grupo de parlamentarios**, entre eles moitos catalanistas, reuníronse en Barcelona para reformar a constitución e pedir autonomía para Cataluña e unha **folga xeral revolucionaria**(convocada polos sindicatos CNT e UXT) que aínda que fracasou, mostrou o malestar existente nun parte considerable da poboación.

- **A radicalización do movemento obreiro.** A partir de 1917 a conflictividade social que enfrontaba a patróns e obreiros agravouse por mor da subida dos prezos e os incremento do desemprego. Os empresarios responderon co peche de empresas sindicatos convocaron numerosas folgas que foron contestadas polos patróns contratando pistoleiros coa fin de intimidar aos traballadores. , e polo Goberno, cunha dura represión policial.
- **A derrota de Annual (1921)** tamén influíu na crise da Restauración a sucesión de derrotas militares en Marrocos, entre as que destacou o desastre de Annual de 1921, na que morreron máis de 10.000 soldados españois, provocando unha gran conmoción en toda España. Tras unha investigación acusouse de negligencia a varios mandos militares. Mentres parte do exército, para protexerse, decidiu tomar o poder

O fracaso do sistema da Restauración e a **inestabilidade política** era evidente. Perante esta situación de crise social, política e económica, o exército reaccionou cun golpe de Estado liderado polo xeneral Miguel Primo de Rivera.

2.2. A Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)

O Desastre de Annual foi unha das causas , xunto ao descrédito do sistema parlamentario, a radicalización política, a axitación social; de que en 1923 o capitán xeral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, dera un golpe de Estado coa aprobación do rei. Nun principio implantou un “Directorio Militar” e estableceu unha ditadura, para que España, segundo Primo de Rivera **volvese o seu ser**. Suspendeu a Constitución, disolveu as Cortes, prohibiu os partidos políticos e os sindicatos e proclamou o estado de excepción. En 1925 puxo fin o conflito de Marrocos, tras o éxito do **desembarco de Alhucemas** e a rendición de Abd-el-Krim.

Posteriormente formou un “Directorio Civil” e creou un partido de único, inspirado no fascismo italiano, a **Unión Patriótica**. A ditadura mantívose ata 1930 grazas á **prosperidade económica** da década dos anos vinte. Realizáronse numerosas obras públicas (encoros, ferrocarrís e estradas...) e potenciouse a industria. Creáronse varios monopolios estatais nas telecomunicacións (a Compañía Telefónica Nacional de España) e a subministración de petróleo (CAMPSA). Foi un período de estabilidade social, pero, a partir de 1927, a política represiva do réxime autoritario comezou a ser criticado por intelectuais, estudantes, colectivos obreiros e grupos nacionalistas. A oposición era tan forte en 1929 que o rei Afonso XIII retiroulle o seu apoio a Primo de Rivera, que dimitiu en xaneiro de 1930.

2.3- Fin da monarquía (1930-31)

En 1930 Afonso XIII mandoulle formar novo goberno a Dámaso Berenguer (coñecida como *ditabranda*), para que restaurase a Constitución de 1876. Pero a oposición ó rei tamén era moi forte, ao consideralo cómplice da ditadura. Os socialistas, algúns intelectuais (Unamuno, Ortega e Gasset), os republicanos e os nacionalistas subscribiron **o Pacto de San Sebastián** en 1930 para acabar coa monarquía e instaurar a República.

A comezos de 1931 perante esta situación de crise Afonso XIII , establece un novo Goberno, presidido polo almirante Aznar , convocou eleccións municipais para o 12

de abril. O triunfo dos republicanos nas cidades foi esmagador e Afonso XIII decidiu abandonar España. O 14 de abril de 1931 proclamouse a Segunda República.

3- A SEGUNDA REPÚBLICA (1931-36)

3.1. O TRIUNFO DA REPÚBLICA E O BIENIO REFORMISTA (abril 1931- novembro 1933)

Nas eleccións municipais do 12 de abril, os republicanos obtiveron o triunfo nas grandes cidades, o rei Afonso XIII abdicou e abandonou o país. O **14 de Abril de 1931 proclamouse a Segunda República.**

O novo réxime naceu sen violencia e apoiado pola maioría dos españois. En xuño de 1931 celebráronse eleccións a Cortes Constituíntes, que foron gañadas polos republicanos de esquerdas e polos socialistas. O novo goberno provisional propúxose como principais retos a elaboración dunha nova constitución e a posta en marcha de profundas reformas

A **Constitución republicana 1931** foi aprobada o 9 de decembro. Era unha constitución progresista e a primeira plenamente **democrática**, que definía a España como unha república de traballadores de todas as clases. A fronte da mesma atopábase un presidente escollido por seis anos. Recoñecía a liberdades individuais (expresión, reunión e asociación), a soberanía popular e o sufrexio universal e por primeira vez o dereito ao voto para as mulleres; a organización territorial descentralizada, que recoñecía a posible aprobación de estatutos de autonomía para as rexións, e o recoñecemento das súas linguas; a definición de España como un Estado aconfesional, sen relixión oficial e a cunha educación laica. Admitía o matrimonio civil, o divorcio e o dereito a protección no traballo. Defendía e a importancia do benestar social. Permitía que o goberno expropiase bens de utilidade pública e animaba a potenciar o ensino público

Aprobada a Constitución, as Cortes elixiron como **presidente** da República a **Alcalá Zamora**, mentres que **Manuel Azaña** se mantivo como **xefe de goberno**. Este estaba formado por republicanos de esquerdas e por socialistas.

As principais medidas do programa de reformas para modernizar a estrutura do Estado, afectaban os intereses de grupos acostumados a controlar o poder polo que orixinaron unha forte oposición. Cómpre destacar:

- **A reforma do exército**, esixindo fidelidade á República, reorganizando a súas unidades e reducindo o excesivo número de oficiais (facilitando o paso a reserva ou retirarse co soldo íntegro) suprimiu os ascensos por méritos de guerra, polo que un sector moi importante do exército se puxo en contra da República (en 1932 houbo un intento de golpe de estado liderado polo xeneral Sanjurjo, que fracasou). Tamén se creou a Garda de Asalto para controlar a orde pública.
- **A reforma agraria** pretendía transformar a estrutura agraria española para mellorar a produción agraria e a vida dos campesiños. Para iso prevía a expropiación dos latifundios sen cultivar (moitos no sur de España) para despois repartilos entre os xornaleiros sen terra. A reforma fracasou pola oposición dos propietarios afectados, a falta de presuposto do **Instituto de Reforma Agraria (IRA)** para pagar as indemnizacións ou as carencias técnicas. A escaseza e a lentitude nos resultados provocou fortes protestas do campesiñado (matanza de Casas Viejas)

- **As reformas sociais** o interese do goberno polos traballadores púxose de manifesto na aprobación de leis que melloraban a súa situación, salarios mínimos, ampliación seguros sociais, dereito a folga, redución xornada laboral, entre outras. Pero non se conseguiu combater o paro.
- **Potenciación da educación** , para reducir as elevadas taxas de analfabetismo e mellorar o nivel cultural. Construíronse numerosas escolas nas que impartir o ensino primario obrigatorio, gratuito e laico e incrementouse o orzamento de educación nun 50% .Fixéronse campañas de alfabetización, dignificación do profesorado, dinamización cultural (Misións Pedagóxicas, teatro ambulante, bibliotecas circulantes...)
- **A reforma relixiosa** para limitar o poder e acción da Igrexa: estableceuse a liberdade de cultos, prohibíase as ordes relixiosas ensinar e realizar actividades económicas, expulsou aos xesuítas, extinción do orzamento ao clero...A intransixencia mutua fixo da cuestión relixiosa un motivo de duro enfrontamento.
- **A reforma do Estado:** Pretendía fomentar as autonomías rexionais. Houbo un recoñecemento das nacionalidades históricas Cataluña, o País Vasco e Galicia. Cataluña viu aprobado o seu Estatuto en 1932. O do País Vasco aprobaríase posteriormente en 1936. En Galicia o Estatuto non puido ser aprobado polas Cortes, a pesar de ser aprobado en referendo electoral do 28 de xuño de 1936, debido o estalido da Guerra Civil.
- Outras medidas foron a consecución do sufraxio universal. No ano 1933 **apróbase o voto para as mulleres.**
- **Regúlase o matrimonio civil e o divorcio.**

Os conservadores criticaron estes cambios porque consideraban que atacaban a igrexa, o exército, a unidade de España e a propiedade privada. O goberno de Azaña tivo que facer fronte, en agosto de 1932 , a un intento de **golpe de Estado** dirixido polo **xeneral Sanjurjo**, apoiado por monárquicos e latifundistas. Os anarquistas protagonizaron levantamentos e **ocupación de terras**, que foron reprimidas con dureza, destacando a exercida contra os xornaleiros de **Casas Viejas**(Cádiz, xaneiro 1933), que provocou fortes críticas ao goberno. Por outra banda, os traballadores denunciaban a lentitude das reformas e a represión das revoltas. O goberno de Azaña perdeu popularidade , e nas eleccións xerais de novembro de 1933 gañaron os partidos de centro (Partido Radical) e de dereita (CEDA).

3.2 BIENIO CONSERVADOR (*novembro 1933-febreiro 1936*)

Nos comicios electorais de novembro de 1933,os primeiros no que podían votar as mulleres, produciuse un xiro electoral. Os partidos máis votados, sen obter maiorías, foron a CEDA- Confederación Española de Dereitas Autónomas- dirixida por Xosé María Gil Robles e o Partido Radical , de A. Lerroux.

O novo goberno conservador foi presidido por **Alexandro Lerroux**, xefe do Partido Radical. Anulou ou revisou a lexislación do bienio anterior :devolvéuselle o poder e os bens a igrexa, suprimíronse as melloras laborais e salariais dos campesiños, devolvéronse os cargos os militares contrarios a república, suspendéronse as autonomías(por iso as esquerdas denominaron “bienio negro” a este período). Os

partidos de esquerda, o movemento obreiro e o catalanismo emprenderon unha firme oposición. Nesta época, dous grupos inspirados no fascismo italiano, Falanxe española e JONS (Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista), uníronse baixo a dirección de Xosé Antonio Primo de Rivera e, malia que aínda tiña poucos seguidores, os seus enfrontamentos na rúa cos grupos esquerdistas fixéronse frecuentes.

A política levada a cabo polo goberno conservador provocou descontento xeral e a crecente violencia culminou na **revolución de outubro de 1934**. Os acontecementos máis graves, no transcurso desta folga xeral, producíronse en Barcelona e en Asturias.

- **En Barcelona**, o novo presidente da Generalitat, Lluís Companys, proclamou a independencia de Cataluña. O Goberno Central declarou entón o estado de guerra, as principais autoridades do Goberno catalán foron detidas e quedou suspendido o Estatuto de autonomía de Cataluña.
- **En Asturias**, os mineiros, con armas e dinamita, lograron controlar as concas mineiras e maila capital, Oviedo, onde se proclamou a “República socialista”. Foi precisa a intervención do exército para sufocar esta revolución.

Tras sufocar a revolución, o Goberno entrou en crise(diferenzas ideolóxicas e a **corrupción** no Partido Radical) e convocáronse novas eleccións xerais para febreiro de 1936.

3.3. A FRONTE POPULAR (*febreiro 1936-xullo 1936*)

En Febreiro de 1936 houbo novas eleccións ás que os partidos de esquerda acudiron agrupados na **Fronte Popular**. Integrada por socialistas, comunistas, republicanos de esquerda e algunhas forzas nacionalistas. Na dereita foron gañando peso os líderes extremistas: José Calvo Sotelo e José Antonio Primo de Rivera. A Fronte Popular triunfou e Azaña foi elixido presidente da República e Santiago Casares Quiroga, xefe de Goberno.

O novo goberno reiniciou a acción reformista: decretou a amnistía para os presos políticos, afastou os xenerais máis reaccionarios do exército, reiniciou a reforma agraria, as iniciativas autonomistas freadas no período anterior.

A conflitividade social aumentou. Producíronse folgas, incendios de igrexas e enfrontamentos entre falanxistas e militantes das organizacións obreiras. O 12 de xullo de 1936 pistoleiros de dereita asasinaron ao tenente José Castillo, coñecido home de esquerdas; como represalia, un día despois, asasinaron a José Calvo Sotelo, líder da dereita. Isto avivou o descontento dos militares, que estaban preparando un golpe de estado e precipitou a sublevación das tropas españolas do norte de África o 17 de xullo de 1936, dirixidas polo xeneral Franco.

4. A GUERRA CIVIL (1936-39)

4.1. OS INICIOS E AS CAUSAS

O 17 de xullo de 1936 iniciouse en Melilla unha sublevación militar, bendicida pola Igrexa e dirixida por un importante grupo de altos mandos, como Gonzalo Queipo de Laño, Emilio Mola, Xosé Sanjurxo e Francisco Franco. Rapidamente controlaron o protectorado de Marrocos e **o día seguinte o 18 de xullo a rebelión estendeuse a Canarias e a Península**. Os rebeldes triunfaron en Castela e León, Galicia, Navarra e

gran parte de Aragón, Andalucía occidental, Baleares (agás Menorca) e Canarias. Eran zonas pouco industrializadas e moi conservadoras.

No resto da Península non triunfou, grazas á resistencia das milicias obreiras e dos militares leais a República.

O fracaso do pronunciamento, que non puido acabar co goberno da Fronte Popular, dividiu a España en dúas e desencadeou **unha guerra civil**. Entre o 17 xullo de 1936 e o 1 de abril de 1939, os españois enfrontáronse nunha cruel guerra civil. Como se puido chegar a esta loita? En 1936 España tiña graves problemas que non foran solucionados: a súa **economía estaba atrasada**; as **diferenzas sociais** eran enormes; a vida política estaba dominada polo **radicalismo** e polo enfrontamento entre unha dereita moi conservadora e unha esquerda revolucionaria. **A violencia e a intransixencia** apropiárase da sociedade.

4.2. OS BANDOS ENFRONTADOS

Ao fracasar a rebelión militar, España quedou dividida en dúas zonas:

- **A España republicana** fiel ao goberno democrático da República, agrupaba as forzas republicanas (socialistas, comunistas, anarquistas, partidos nacionalistas). Foron chamados **vermellos** polos sublevados, en referencia aos comunistas. O territorio republicano, contaba coas zonas industriais e mineiras, as principais cidades, zonas agrícolas, e o ouro do Banco de España.

A España republicana careceu durante parte da guerra dunha dirección unitaria. Partidos, sindicatos, exército e goberno non sempre actuaron de xeito coordinado, e os enfrontamentos foron frecuentes. Militarmente estaba desorganizado.

Desde o primeiros meses, a guerra converteuse nun problema internacional a causa do enfrontamento existente en Europa entre fascismo e antifascismo. Os países democráticos (Francia, Reino Unido) optaron por non intervir. O bando republicano obtivo material bélico e asesoramento militar da URSS, a que se lle pagou ao contado co ouro do Banco de España. *México* prestoulle axuda material.. Cómpre destacar o apoio *das Brigadas Internacionais* de voluntarios chegados de todo o mundo que viñeron a España a loitar contra o fascismo, e ademais o apoio de intelectuais, como Ernest Hemingway, Albert Einstein e George Orwell.

- **A España sublevada**, que se chamou a si mesma “**nacional**”, contaron co apoio decidido da dereita, os carlistas e os falanxistas, dos monárquicos e da maioría da Igrexa católica. Controlaba a maior parte das rexións produtoras de cereais, as zonas menos industrializadas e as máis conservadoras.

Militarmente contaba con maiores recursos, posto que a metade dos efectivos do exército e das forzas de seguridade apoiaron a sublevación. A España “nacional” estivo dirixida polo exército, co xeneral Franco a cabeza (Xeneralísimo, O Caudillo e xefe do Estado). Tamén se unificaron todas as forzas políticas que apoiaran a sublevación nun único partido *Falange Española Tradicionalista e das Xons*.

Os rebeldes contaron coa axuda de *Italia fascista e da Alemaña nazi*, que enviaron tropas e numeroso material de guerra, a cambio de concesións mineiras (magnesio, volframio, cobre..). Contaron tamén co apoio da ditadura portuguesa de Salazar.

4.3. O DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO (Ver mapa do libro páx. 214)

1- As primeiras batallas- A campaña de Madrid (xullo de 1936- marzo 1937)

O exército sublevado levou case sempre a iniciativa na guerra. A súa intención inicial era **conquistar rapidamente Madrid**, pensando que, desta maneira, o conflito acabaría pronto. Pero a finais de 1936 o ataque contra a capital fracasou.

O paso do exército de África(as tropas mellor preparadas) á Península, nos primeiros días da agosto de 1936 , foi posible grazas a axudas de barcos e avións prestados por Alemaña e Italia. Cruzaron o estreito de Xibraltar e chegaron a Cádiz. De Andalucía Occidental pasaron a Estremadura e a Toledo. A toma da capital era o seu principal obxectivo pero Madrid resistiu o asalto . O goberno da República abandonou a capital e encomendoulle a súa defensa a Xunta militar. Os nacionais foron derrotados na **batalla do Xarama** (febreiro de 1937) e na de **Guadalaxara** (marzo de 1937).

2. A guerra no norte (abril- outubro 1937)

Despois do fracaso na batalla de Madrid, os “nacionais” **ocuparon todo o norte**, coa intención de tomar as zonas industriais do Cantábrico. As tropas do xeneral Mola avanzaron cara Bilbao e a *Lexión Cóndor* da aviación alemá levou a acabo o **bombardeo sistemático de Guernika** (26 abril 1937), tras o cal foi ocupado o País Vasco. En agosto caeron Santander e Asturias. A morte de Mola permitiu a Franco consolidarse como líder do bando sublevado(era o Xeneralísimo).

Mentres os republicanos contraatacaron e **Brunete** (Madrid) en **Belchite** (Zaragoza). . Intentaban obrigar as tropas franquistas a retirar efectivos do norte pero fracasaron. Os sublevados se fixeron cos importantes recursos industriais e mineiros desta zona.

3 O avance cara o Mediterráneo e a fin da guerra (outubro de 1937- abril de 1939)

A finais de 1937, Franco dirixiuse á fronte leste. Os nacionais logran vencer os republicanos en **Teruel** e chegar ata Mediterráneo , dividindo en dúas a zona republicana. Para tratar de inverter a situación, as tropas republicanas cruzaron o Ebro e atacaron o exército franquista. **A batalla do Ebro** (xullo-novembro 1938), foi unha das máis longas e duras da guerra, nela o exército republicano quedou practicamente destruído.

Tras as derrotas do exército republicano, Cataluña quedou case sen defensa e foi ocupada totalmente en febreiro de 1939, miles de persoas e as autoridades republicanas marcharon ao exilio. A finais de marzo as tropas franquistas entran en Madrid. O **1 de abril remata a guerra**.

4.4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA

Consecuencias sociais

- Elevado número de mortos na fronte de guerra e na retagarda, mediante a represión exercida en ambos bandos durante a contenda, e sobre todo polo réxime franquista na posguerra. *Na zona nacional*, a forma máis común foron os “ paseos” ,un grupo armado sacaba do seu domicilio unha persoa, afastábana da localidade e asasinábana . Os fusilados (dirixentes políticos e sindicais, intelectuais ,militares e mestres) eran enterrados pola noite en fosas comúns, sen ningún tipo de identificación. En moitos casos, usando pretexto da guerra, leváronse a cabo

vinganzas por disputas persoais, depuracións laborais ou incautacións de bens. Na zona republicana os ataques foron contra caciques, terratenentes e o clero.

- Miles de feridos, prisioneiros (campos de traballo) e miles de refuxiados que marcharon ao exilio en Francia e en países de Latinoamérica (especialmente en México). Cando estalou a Segunda Guerra Mundial, algúns combateron no bando aliado ou incorporáronse a resistencia antinazi. Quedan testemuñas da presenza de moitos galegos nos campos de concentración(en Mauthausen foron asasinados 103).
- A evacuación de nenos da zona republicana a outros países, como Francia, Bélxica, Reino Unido, México e a URSS. Son os chamados nenos da guerra, moitos dos cales non volveron a España.
- División ideolóxica e moral da sociedade española.
- Derrogación dos avances xurídicos conseguidos polas mulleres e os traballadores durante a II República.

Consecuencias económicas

- Unha parte importante da estrutura económica quedou destruída: os campos de cultivo, as industrias, as infraestruturas, vivendas, obras públicas..
- A poboación padeceu grandes penalidades: miseria, fame. Axiña se produciu acaparamento de víveres por parte dos produtores co obxectivo de vendelos a maior prezo, e así apareceu o **mercado negro**. Ante esta situación impúxose o **rationamento** dos alimentos.

Consecuencias políticas

- A derrota das potencias do Eixe (Alemaña, Italia e Xapón) afíns a Franco, na II Guerra Mundial provocou o *illamento internacional* de España. Isto agravou os problemas económicos e sociais.
- Despois do triunfo da sublevación militar en Galicia, e no norte de España, moita xente botouse ao monte para fuxir da represión que exerceron as novas autoridades falanxistas e militares. Moitos destes *fuxidos* organizáronse nunha guerrilla de resistencia ao franquismo con actuacións diversas: sabotaxes, ataques a cuarteis da garda civil e a persoas significativas de ideoloxía falanxista e fascista. Entre os guerrilleiros galegos máis coñecidos destacan Benigno Andrade, "Foucellas", asasinado no ano 1952 e Xosé Castro Veiga, "O Piloto", considerado o último dos guerrilleiros.

Consecuencias culturais

- Un gran número de españois, entre eles moitos intelectuais (Antonio Machado, Castelao, Juan Ramón Jiménez ...) e artistas, fuxiron de España temerosos da represión franquista. Outros foron asasinados como Federico García Lorca e Miguel Hernández.
- A censura reprimiu tódalas manifestacións artísticas e culturais de carácter democrático e impuxo a cultura oficial, prohibindo, entre outros, o uso do idioma galego.

GALICIA de 1902 a 1939

O agrarismo e o movemento obreiro

O movemento social máis importante da historia contemporánea de Galicia foi o **agrarismo**. A sociedade galega continuaban sendo eminentemente rural. A dispersión

do poboamento, o atraso económico e a debilidade do Estado en Galicia mantiveron en vigor o poder dos caciques. Os campesiños crearon as súas organizacións e promoveron a conciencia política. Os agraristas conseguiron melloras como a **redención dos foros en 1926**- que converteu en propietarios a moitos campesiños- repartición dos montes en man común, a modernización da produción agrícola e a especialización gandeira.

A vitalidade do agrarismo viuse favorecida pola aparición dunha prensa local vinculada as asociacións. **La Zarpa**, dirixida en Ourense polo crego Basilio Álvarez, foi o xornal máis influente.

Na cidades e nalgunhas vilas os obreiros organizáronse en sindicatos. Na Coruña e a súa comarca as organizacións maioritarias eran anarquistas, mentres en Vigo e no resto das Rías Baixas as organizacións socialistas. Os anarquistas e os socialistas promoveron a educación dos traballadores e a creación de moitos xornais. Os sectores que máis se mobilizaron foron os obreiros da construción, os mariñeiros e as traballadoras das conserveiras.

O nacionalismo

O nacionalismo forma parte da última etapa do galeguismo. Xurdiu en 1916 coa publicación da revista *Estudios Gallegos* e coa fundación **das Irmandades da Fala**. Defendía a cultura galega en todos os seus eidos, o espallamento da lingua galega, o fomento do aprecio pola historia de Galicia, a autonomía para Galicia, a creación dun Parlamento Galego...

A acción política das Irmandades se centrou na realización de conferencias e mitins , na promoción de actividade culturais...

A ditadura de Primo de Rivera supuxo o cesamento obrigado da actividade política. Os esforzos nacionalistas centráronse no desenvolvemento da cultura galega , xurdiu na década de 1920 a **Xeración Nós** (membros destacados Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio, Afonso Rodríguez Castelao) e a creación do **Seminario de Estudos Galegos** (1923).

Despois da caída da ditadura de Primo de Rivera, o nacionalismo galego reorganizouse como movemento político en 1929 creouse Organización Republicana Galega Autónoma (**ORGA**) dirixida por Casares Quiroga, e en 1931 o **Partido Galeguista**, fundado en Pontevedra e dirixido por Castelao e Alexandre Bóveda. Este partido aglutinou todas as Irmandades e agrupacións galeguistas e foi o principal impulsor do Estatuto.

Durante a II República, os novos partidos galegos tentaron conseguir a autonomía para Galicia. Para conseguir a autonomía era precisa a **aprobación dun Estatuto de Galicia**. As liñas fundamentais do Estatuto baseábanse:

- Na definición de Galicia como rexión autónoma.
- No recoñecemento de caracteres específicos de Galicia: lingua galega, dereito civil galego, parroquia rural...
- Na delimitación das institucións autonómicas.
- Na atribución de competencias a Galicia, etc.
- So foi posible que se celebrase o **referendo do Estatuto en 1936**, despois do triunfo da Fronte Popular pero o estalido da Guerra Civil e rápido dominio de Galicia polo bando franquista, impediu que o Estatuto entrase en vigor. O Partido galeguista mantívose na clandestinidade ata 1950, data na que se dissolveu. No obstante, este texto serviu de base para a definición de Galicia como **nacionalidade histórica** na Constitución española de 1978.

A represión en Galicia foi moi dura tanto na Guerra Civil como na inmediata posguerra.